



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

R/ San Roque, Nº 2
15704 Santiago de
Compostela
Telf.: 881 996 139
Fax.: 881 996 140
E-mail: crpih@cirp.gal



galicia

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN OS VOGAIS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Pola Orde do 23 de maio de 2018 apróbanse as bases reguladoras que rexerán o concurso público de dez bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 106, do 5 de xuño de 2018).

A base novena da orde de convocatoria (*Instrución*) establece que, para a adxudicación das bolsas, constituirase unha comisión de valoración que levará a cabo a avaliación das solicitudes admitidas e que estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Secretario:** o secretario dos Consellos Científico e Executivo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Vogais:** Dous funcionarios da Secretaría Xeral de Política Lingüística e un director dos proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propostos polo coordinador científico e nomeados polo secretario xeral de Política Lingüística.

Co previsto na base novena da orde de convocatoria, e logo da proposta efectuada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, RESOLVO

Nomear os seguintes vogais que integrarán a comisión de valoración para a adxudicación das ditas bolsas:

- Blanca-Ana Roig Rechou
- Ruth Otero Vilar
- M^a Carmen Nieves Seoane

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

